

Neses días de outubro nos cales o tempo parece deterse gústame pensar. Eses días eran tediosos e aburridos. Era venres a última hora e tocaba clase de matemáticas, a que menos me gustaba. Fóra, o panorama non era mellor, pois chovía e eu tiña que volver andando para a casa. A profesora explicaba algo sobre monomios, pero eu non estaba atendendo, iso non era o meu. Miraba o encerado sen saber que estaba a dicir a mestra cando, de súpeto, exclamou, enfadada:

—Carlos! Dime, que é un monomio?

Asusteime tanto, que contestei o primeiro que se me veu á cabeza:

—É... a suma dun número e unha letra, non?

—Non! É o produto dun número e unha letra. E queres facer o favor de estar atento? Isto é importante.

Naquel intre tocou o timbre e respirei aliviado. Recollín as cousas e funme correndo, pois quería chegar á casa e esquecerme pronto daquel nefasto día. Pero non podía nin imaxinar que aquilo non era todo. Polo camiño atopeime con Ana, unha compañeira. Ela non me caía ben, sempre me berraba e aquela vez non foi unha excepción. Estaba collendo unha goma de mascar e viume tirar o papel ao chan.

—Non o tires aí, debe de haber preto unha papeleira —dixome con aire mandón. Ignoreina, pero non serviu de nada, ela continuou falando: —Se vertes o lixo no monte non fas ben, contaminas e danas o noso entorno. Deberías gardalo e tiralo máis tarde a un contedor ou papeleira. É un pequeno

xesto que non custa nada e que a natureza che agradece. Teño unha idea! Hoxe tiña pensado facer unha excursión á ponte de San Paio. Non sei se xa a visitaches pero aínda así quero amosarche algo. Podemos quedar ás seis na alameda, pareceche? Se non che vén ben podemos quedar outro día ou a outra hora... Que dis?

—Vale, podería estar ben...

Xa na casa púxenme a pensar no que ela me dixera e pasados uns minutos aínda non sabía por que aceptara. En realidade non me apetecía nada ir a aquela ponte. Plantexei non aparecer pola alameda, pero, inexplicablemente, alí estaba ás seis menos cinco. Ela chegou a en punto, pois era moi puntual e nunca se retrasaba.

—Ola, estás listo? —Preguntou emocionada.

—Si, claro —volvín contestar sen saber por que.

Seguina durante un tempo e por fin chegamos a aquela ponte da que me falara. Era un lugar precioso: unha pequena lagoa ao lado do pedregoso camiño deunos a benvinda ao lugar máis fermoso que vira dende fai moito tempo, tanto que xa nin me lembro; máis adiante un chorro de auga saía de entre unhas pedras, aquela era a ponte.

—É fermosísimo —dixen con admiración.

—Verdade? —respondeume Ana. —Pero non todo é así. Ti fíxate na lagoa, ou na ponte. Soamente mira a auga e verás o motivo polo que quería que viñeras.

Así o fixen: dirixinme á lagoa e vin, con certo desagrado, que a auga estaba chea do lixo que a xente vertera. Fun cara a ponte e o mesmo ocorreu. Non sabía como podía tirar os papeis da goma de mascar sempre ao chan. As charlas que me daba Ana eran verdadeiramente importantes e é que un non sabe nin aprecia o que ten ata que o perde. A xente diso non se daba conta e con isto tamén me inclúo a min. Non sabía que podía facer para remediar o que tan desatinadamente fixera ata aquela data e sentíame tan culpable que a dúbida me carcomía por dentro e non me deixaba respirar. Era insoportable. Ana pareceu darse conta, porque dixo:

—Se te sentes culpable, non te preocupes, podes axudar. Primeiro; tes que prometer que non volverás botar lixo no chan, que sempre o botarás nun contedor ou nunha papeleira. Segundo; sempre podes remediar o que a xente fixo limpando un pouco. Se queres podemos quedar mañá outra vez para limpar a auga. Deberías traer un bañador para limpar a lagoa e unhas bolsas para meter o lixo que recollamos; trae tamén guantes. Creo que non fai falta nada máis. Se queres tamén podemos colgar pancartas pola cidade que convenzan á xente de que non contamine. Gústache a idea?

—Paréceme xenial, faría o que fose con tal de que este sentimento de culpa que teño desapareza. Entón quedamos mañá ás seis na alameda?

—Vale!

Ao día seguinte, espertei cedo e preparei a mochila con todo o que me dixera a miña amiga Ana. Agora gustábame estar con ela, pois era agradable e divertida. Estaba tan emocionado polo que ía facer hoxe... Por fin podería redimirme dos meus actos.

Despois de comer, cambieime e puxen o meu bañador novo e por riba a roupa de rúa. Botei a mochila ao lombo e agardei estudando matemáticas a que fosen as seis menos cuarto. Ás en punto xa estaba alí, e Ana tamén, preparado para un día fermoso, un día que recordaría para o resto da miña vida.

Chegamos alí ás seis e media e puxémonos mans á obra. Non recordaba ter feito nunca algo tan gratificante. Era, ademais, divertido, pois era coma un xogo meterse na lagoa e nadar buscando lixo para axudar á natureza. Pasei unha das mellores tardes da miña vida, unha tarde memorable. Pero o tempo pasou máis rápido do que quería e pronto chegaron as oito e aínda non rematamos de limpar.

—Eu téñome que ir indo, que xa se fai tarde —dixo Ana, realmente apenada.

—Ben, entón... mañá volvemos, non?

—Claro!

O domingo, como o día anterior, volvíñ prepararalo todo e, unha vez máis, estudei matemáticas mentres agardaba. Agora xa entendía todo o que mestra explicara tantas veces na clase. Vía o mundo con outros ollos e todo grazas a Ana.

Na ponte traballamos outra vez duramente, pero non por iso nos deixaba de gustar; ao contrario, a cada bolsa de plástico ou lata de refresco que recollíamos estábamos máis a gusto. Ese día deunos tempo a limparlo todo. Como aínda nos sobrava tempo, sentámonos os dous nun banco de madeira que había no camiño, entre a lagoa e a ponte.

—Ben, pois fixemos un bo traballo, non cres? —Preguntoume ela.

—Pois si. E o mellor é que podo notar como nolo está a agradecer a natureza.

E iso era certo, podía sentilo en cada unha das follas caídas; en cada retacho de vento que movía as poucas que aínda estaban nas ramas das árbores; no murmurio da auga caendo da ponte. A voz da natureza abríase camiño a través do corazón das persoas, a diferenza é que a algunhas gústalle ignorala, como eu ignoraba antes a Ana. Odiábame a min mesmo cando recordo o meu anterior comportamento, pero aquilo era auga pasada e non o volvería facer.

Alí sentado ao lado de Ana, deime conta do moito que cambiara nestes días. Aquel era un deses días de outubro nos cales o tempo parece deterse. Gustábanme eses días. Podería dicir incluso que eran os meus días favoritos. Eran maravillosos e agardaba que o tempo se tivese parado de verdade e aquel momento nunca rematase.